

Resolución conxunta, do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”.

O acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020 (modificado por acordo do Consello da Xunta do 25 de xuño de 2020), sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade, estableceu previsións específicas para os centros educativos.

Con data do 13 de xuño de 2020 publicouse o Decreto polo que se declara a superación da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19, aprobado mediante o Acordo do Consello de Ministros do 28 de abril de 2020 e, polo tanto, a entrada na nova normalidade, con efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020.

Con data 22 de xullo de 2020 adoptouse a resolución conxunta das consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade pola que se aproba o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia.

O 2 de xuño de 2021 o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde adoptou, en coordinación coa conferencia sectorial de educación, a declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte á Covid-19 para centros educativos durante o curso 2021-2022.

Posteriormente publícase a “Orde comunicada da ministra de sanidade, de 4 de xuño de 2021, mediante a que se aproba, en Coordinación coa conferencia sectorial de educación, a declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte á Covid-19 para centros educativos durante o curso 2021-2022”.



Finalmente, o 29 de xuño de 2021, os ministerios de sanidade e de educación e formación profesional actualizan o documento de "Medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte á Covid-19 para centros educativos no curso 2021-2022".

Na súa virtude, en aplicación do punto quinto do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e na condición de autoridade sanitaria conforme o artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo,

RESOLVEMOS:

Artigo primeiro.

Aprobar o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, co texto que figura como anexo I.

Artigo segundo.

O protocolo obxecto de aprobación pola presente resolución será plenamente aplicable desde a data da súa publicación na páxina web da Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade <https://www.edu.xunta.gal/portal/> ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020.

Non obstante o anterior, o protocolo será obxecto de revisión e adaptación continua atendendo á evolución da situación sanitaria, co fin de garantir a súa adecuación ás obrigas ou recomendacións sanitarias existentes en cada momento.

Artigo terceiro.

A persoas titulares da dirección xeral competentes en materia de saúde pública, como autoridade sanitaria, e da secretaría xeral técnica competente en materia de educación, poderán adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e a



aplicación deste protocolo, así como as medidas complementarias que sexan precisas de acordo coas circunstancias.

No portal <https://www.edu.xunta.gal/portal/> darase publicidade ás sucesivas versións do protocolo revisado ou adaptado atendendo á evolución da situación sanitaria, segundo o previsto na presente resolución conxunta.

Artigo cuarto.

Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación.

Santiago de Compostela, data da súa sinatura dixital

Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade Conselleiro de Sanidade

ANEXO I

Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022.

Publicado na súa integridade no seguinte enderezo web

<https://www.edu.xunta.gal/portal/>

